— Sempre houbo mulleres insignes en Galicia. En todos os tempos, en todos os campos, baixo todas as luces. […] Cada unha brilla con luz propia e deixa tras de si luminoso ronsel….Tentemos seguir a pegada dalgunhas.

— **Mari Luz Morales**

Imprenta La Ciudad // >>>>>> // Edición e deseño ao coidado de **Pepe Barro**

Mulleres sen cancelas

Roteiro pola memoria feminina nas rúas da Coruña

A Coruña 9 de marzo de 2019

Asociación Cultural Alexandre Bóveda

Mulleres sen cancelas

Unha vez máis, e as que fagan falta, desde a AC Alexandre Bóveda (re)afirmamos o noso compromiso coa igualdade, nesta ocasión para fixar a ollada sobre mulleres singulares que navegaron contra corrente. Porque ELAS CONTAN, teñen moito que dicir, e o seu pensamento e as súas accións son importantes para NÓS.

Mulleres con luz propia, mulleres diversas na época na que viviron, no campo no que traballaron, no ronsel que deixaron.... MULLERES SEN CANCELAS, que rozaron congostras e abriron camiños para as que viñan detrás.

Quixemos desde ACAB darlles voz e amosar unha ducia de historias feitas de retrincos e de mesturas... e facémolo coa forza poderosa da sororidade entre mulleres, por iso escollemos mulleres singulares do presente para lembrar as pegadas do pasado.

María Xosé Bravo
Presidenta da Asociación Cultural
Alexandre Bóveda

BANCO HISPANO AMERICANO

Roteiro pola memoria feminina nas rúas da Coruña

1) Obelisco
Mari Luz Morales

2) Real, 56
Casa de
Juana de Vega +
Concepción Arenal

3) Real, 36
Casa de María
Miramontes

4) Real 45
Antiga Librería de
Arte. Syra Alonso

5) Rego de auga, 37
Teatro Rosalía Castro
María Casares e
Rosalía de Castro

6) Rego de auga, 38
Casa onde se
fundaron as
Irmandades da Fala:
Micaela Chao

7) Rego de auga, 32
Asociación
de Artistas:
Mulleres artistas.

8) Rego de auga, 25
Casa natal de Emilia
Pardo Bazán.

9) María Pita, 17
Sede das Irmandades
da Fala e do Partido
Galeguista: Amparo
López Jeán

Plano de Mantiñán, 1936, colección particular.

PLANO DE LA CIUDAD DE
LA CORUÑA
PLAYA DE RIAZOR
PLAYA DEL ORZAN
1
2
3
4
5
6
7
8
9
EXPLICACIÓN
PUERTO
MANSIÑAN
Lit. Ind. ROEL - Coruña

1 Obelisco

Mulleres sen cancelas

Roteiro pola memoria feminina nas rúas da Coruña. Sábado, 9 de marzo de 2019

Refírense a ela como cineasta, de feito dirixe documentais; ten libros publicados, certamente relata historias e suxire mundos; é catedrádica de comunicación audiovisual, ensinar é comunicar. Pois velaí que **Margarita Ledo** é ante todo xornalista e velaí vén hoxe ao Obelisco celebrar a coruñesa **Mari Luz Morales**, ante todo xornalista.

[Foto de Xosé Castro - RAG]

2 Rúa Real, 56

Sabe que a palabra conduce o pensamento, por iso debulla o significado das verbas. Xénero, feminismo, igualdade, patriarcado, feminicidio. Por iso **Carme Adán** tenta sempre entender para combater, desde a cátedra de filosofía, desde a política, desde a escrita. E coa palabra arma hoxe unha coroa de loureio para **Concepción Arenal** e para **Juana de Vega**, aquí, na súa casa.

3 Rúa Real, 36

En París e en Guntín procura a historia, esa é a súa querenza. **Melania Freire,** premio Fhasion Talent 2019, deseña unha colección na que extrae a memoria dos cadros de Hockney, pero sempre co backstage acugulado co enxoval das avoas lucenses. Pois velaí ven hoxe Melania coser a memoria de **María Miramontes**, onde ela viviu e traballou, a modista, a activista, a galeguista.

4 Rúa Real, 45

Nunca ten vagar, o xornalismo é a pescuda incesante, no monte ou na rúa, tamén nos gabinetes. Pero **Carme Vidal** teima por revelar as historias agachadas das mulleres. Contalas é volvelas á vida: velaí a descuberta da muller do cadro, **Syra Alonso**, e os seus *Diarios* arredor do asasinato do artista Francisco Miguel, que en 1920 coñeceu aquí, na súa Librería de Arte.

5 Rúa Rego de auga, 37

Sabiamos dos cantares de Rosalía. Coñecíamos os seus versos en cen voces de muller. Pero Ela nunca foi como a canta **Najla Shami**. Filla de tres culturas, trae influencias acuguladas, a súa voz é vontade persoal de matices diversos, fondos, mestos, chegando a cada intre máis adentro, sempre moito máis alá. Velaí vén Najla coa súa **Rosalía de Castro** a flor de pel, no seu teatro.

5 Rúa Rego de auga, 37

Elas son ela. Vidas a eito, todas contadas. Unha actriz é moitas mulleres e **Mabel Rivera** sabe ser, é, todas ao tempo. Agasallou as sombras de Rosalía, non se namorou dos vellos, preparou os pratos do día, e soubo navegar mar adentro, sempre nun xogo de damas rechas do teatro e do cine, como quería **María Casares** que foran as donas galegas da escena.

6 Rúa Rego de auga, 38

A emoción abrolla en cada nota, alma de buxo. **Susana Seivane** vén dun valeroso clan que sabe das formas da madeira, necesarias, exactas, para acadar a nota perfecta. O clan celebra o buxo, a herdeira tempera o ar preciso. Co punteiro nas mans Susana tece un veludo para vestir a **Micaela Chao**, a primeira "irmá" entre os primeiros "irmáns" da Fala.

7 Rúa Rego de auga, 32

Pranchas de luz coma lóstregos brillantes. Ferro, bronce fundido. A linguaxe de **Soledad Penalta** retállase nas formas duras, andantes siluetas sinuosas. Óxido, filosofía, mans afundidas na arxila. A obra emerxe na praia, celebra a poeta, agroma no comunal. Hoxe vén honrar as artistas primeiras que foron, que neste lugar quixeron ser: **Lolita, María, Elvira, Elena...**

8 Rúa Rego de auga, 25-27

Vén andar as rúas doutros anos, doutras mulleres que foron. As rúas coma longos versos idos que sinalan a luz das almas libres. **Luz Pozo Garza** segue izando a bandeira da palabra en cada verso, cegándonos, iluminando a cidade de Marineda, como quería a súa querida **Emilia Pardo Bazán**, aquí, na súa casa natal.

[Foto de Xosé Castro - RAG]

9 Praza de María Pita, 17

Abriron a mina
e abríronlles o corazón.
O seu canto vén de alí,
do máis fondo.
As Pandeireteiras das Encrobas traen nos beizos
un canto mineral extraído
do fondo do tempo.
E nesta praza aberta
abren o seu canto diante
da antiga sede das
Irmandades da Fala,
do Partido Galeguista,
hoxe veñen saudar
a **Amparo López Jeán**

[Foto: Punto e Volta]

Vicente Risco

Ramiro Isla Couto

1

Mari Luz Morales

Obelisco:
No centro simbólico da cidade honramos á perxonaxe e iniciamos o roteiro

Mari Luz Morales nun xantar galeguista no Hotel Miño de Ourense, o día 16 de xuño de 1933. (Foto: Fundación Otero Pedrayo)

— Todas as galegas con sentido común e un chisco de sensibilidade, por moi literatas que sexamos, sabemos que (aínda respectando no que valen tan ilustres nomes) as verdadeiras grandes mulleres de Galiza non son as que desenvolven un gran papel na Arte e na Historia senón aquelas outras ignoradas e humildes (...) De todas as galegas ilustres, é por iso a máis grande Rosalía: porque na súa voz salouca a dor de todas estas esquecidas.

— Mari Luz Morales

Las Románticas, 1930

A primeira muller directora dun xornal

Xornalista, editora e crítica cinematográfica, **Mari Luz Morales** (A Coruña 1898 - Barcelona 1980) incorporouse a *La Vanguardia* con vinte e seis anos, na sección de cinematografía. En Barcelona será a representante da Asociación de Escritores Galegos e participa activamente na campaña a prol do Estatuto de Autonomía de Galiza. Logo do golpe militar, o xornal *La Vanguardia* pasa a estar controlado por un comité obreiro que a nomea directora, era a única muller da redacción. Co triunfo do franquismo é acusada de pertenza ao Partido Galeguista e é encarcerada nun convento barcelonés e inhabilitada para exercer a profesión. Logo da morte de Franco foi rehabilitada e continuou a súa actividade, xa como redactora, no *Diario de Barcelona*.

Na súa obra como escritora dedicou especial interese á divulgación da vida de mulleres ilustres como Madame Curie, Rosalía de Castro ou Concepción Arenal.

Algunas mujeres, libro publicado en 1932 >>>

Algunas Mujeres

POR

MARIA LUZ MORALES

2

Juana de Vega
Concepción Arenal

Rúa Real, 56
Casa que foi de
Juana de Vega

Concepción Arenal foi interpretada por Blanca Portillo e Juana de Vega por Mabel Rivera, no filme *A Visitadora de Cárceres*, 2012, dirixido por Laura Maña.

A Condesa Verde

En marzo de 1805 nace na Coruña Juana María de la Vega Martínez y Losada, coñecida como **Juana de Vega** (1805 - 1872). Nada no seo dunha familia liberal e ilustrada. Desde nena recibiu unha esmerada educación en letras e humanidades. Cando tiña quince anos coñece a Francisco Espoz y Mina, co que casa en 1821 e ao que acompañará ao exilio polas súas ideas liberais. Xa viúva e co título de condesa de Espoz y Mina regresa á Coruña. A súa casa, un espazo de liberdade para a conspiración e a discusión políticas, convértese no punto de reunión da sociedade liberal coruñesa, nun cuarto tapizado de verde, a cor dos liberais. Realiza tamén un destacado labor asistencial como o coidado de nenos orfos e enfermos do Hospital da Caridade.
E de destacar a estreita relación de amizade e colaboración con Concepción Arenal.
Outra das súas preocupacións foi a educación, fundou e financiou unha escola para nenos pobres e unha escola gratuíta para adultos. A súa última vontade foi a creación dunha escola teórico-práctica de agricultura.

Juana de Vega [Real Academia Galega] >>>



— Unha muller pode chegar á máis alta dignidade que se concibe, pode ser nai de Deus: descendendo moito, pero aínda moi alta, pode ser mártir e santa, e o home que a venera sobre o altar e lle implora, crea indigna de encher as funcións do sacerdocio. Que dicimos do sacerdocio? Atrevemento impío sería que no templo ousase aspirar á categoría do último sancristán. A lóxica aquí sería escándalo, impiedade. Se da orde relixiosa pasamos á civil, as contradicións non son de menor vulto. Como unha muller ha de ser empregada en Aduanas ou na Débeda, desenvolven un destino en Fomento ou en Gobernación? Só pensalo dá risa. Pero unha muller pode ser xefe do Estado. No mundo oficial recoñéceselle aptitude para raíña e para estanqueira; que pretendese ocupar os postos intermedios, sería absurdo.

— Concepción Arenal
A muller do porvir, 1869

<<< C. Arenal viviu varios anos na Coruña, despois de 1863

«Abride escolas e pecharanse cárceres»

En xaneiro de 1820 nace en Ferrol **Concepción Arenal** (1805 - 1872), escritora, xornalista, socióloga, pedagoga e ensaísta. Pode que fose a primeira muller en asistir a unha universidade española, para o que tivo que acudir disfrazada de home, porque non se permitía á muller o acceso aos estudos superiores. Foi nomeada Visitadora de Cárceres de Mulleres en 1863, posto que foi suprimido definitivamente dez anos despois. Defensora dos dereitos das persoas presas e das mulleres, na Coruña trabou unha grande amizade con Juana de Vega e aquí, na súa casa, crearon unha asociación de mulleres denominada As Magdalenas, coa finalidade de visitar e socorrer a reclusas. Reivindicou sempre a igualdade en todas as esferas sociais para a muller. En 1869 publicou *A muller do porvir*, que a sitúa como pioneira do feminismo. Entre as súas moitas obras publicou na Coruña *Cartas aos delincuentes*, 1865, e *A voz que clama no deserto*, 1868, posibelmente co mecenado de Juana de Vega.

C. Arenal por Isidoro Brocos [Museo de Pontevedra] >>>

3

María Miramontes

Rúa Real, 36
Casa que foi de María Miramontes e Ánxel Casal e de *Nós, publicacións galegas e imprenta*

A acto de entrega do Estatuto Galego nas Cortes Españolas polo Comité Central da Autonomía de Galicia, o 15 de xullo de 1936. María Miramontes é a única muller presente, acompaña o seu marido, Ánxel Casal, alcalde de Santiago, e a José López Bouza, presidente da Deputación da Coruña.

Entre os anos 1917-1918 María Miramontes encabezou unha colecta feminina, na sede coruñesa das Irmandades da Fala, para realizar a bandeira que izaron os galeguistas até 1936, en que foi esgazada por un grupo fascista. [Arquivo Elvira Varela Bao]

DA FALA

A modista que vestiu os libros galegos

En abril do ano 1895 nace en Guísamo **María Miramontes** (Guísamo 1895 - Buenos Aires 1964). Aos once anos comeza a traballar nun obradoiro de costura da Coruña e sendo moi nova frecuenta os núcleos galeguistas da cidade na compañía de Elvira Bao, as irmás Chao Manciñeira e Amparo López Jean, e entrando a formar parte das Irmandades da Fala e da súa Xunta Directiva. Moi probabelmente é nestes ambientes republicanos, progresistas e galeguistas onde coñece o seu marido Ánxel Casal. Serán os ingresos do comercio de venta de teas, que abre a parella no número 8 da rúa das Panadeiras, e do seu traballo como modista os que dan amparo económico a iniciativas esenciais para a lingua e a cultura deste país, a editorial Lar, a editorial Nós e as Escolas do Ensiño Galego... A finais de 1936, despois do asasinato do seu marido, alcalde de Santiago, María embarca para Buenos Aires, onde viviu exiliada até 1964.

María Miramontes foi en Santiago modista de sona >>>

HABLA LA MUJER GALLEGA

Voandeira de 1918 en resposta á Asociación Nacional de Mujeres Españolas

Respuesta á un Manifiesto

En estos dias anduvo por algunas columnas periodísticas un «Manifiesto de la Asociación Nacional de Mujeres» en que se pedía el concurso de las mujeres españolas en frente de las que «quieren independizar á Cataluña y Vasconia». El Manifiesto trae una firma de mujer; el estilo es de la pluma de un hombre, perteneciente, sin duda, á esos centros oficiosos encargados de suministrar el tópico á la conciencia popular, para envenenarla, cuando hay planteada alguna cuestión de importancia nacional.

Nosotras, mujeres gallegas, que no figuramos en esa Asociación Nacional, no queremos ser sordas á esas voces, y, claramente, dignamente, vamosá definir nuestra actitud ante las aspiraciones autonomistas de Vasconia y Cataluña.

El citado manifiesto no nos habla, desde luego, en un lenguaje que pudiéramos entender al punto. Se toca en él con insistencia y aun con cierto gesto pavoroso el problema de la unidad española. Ni aun ese recurso nos ha conmovido, porque al hablarnos de esa unidad nada se dice á nuestro espíritu ni a nuestro corazón

una vitalidad integral propia, suspendida y deshecha por un accidente histórico, forman el Estado español, hoy ya estéril y caduco para que nacionalidades con personalidad definida, llenas de fecundos anhelos y de nobles corajes contra la incapacidad y la injusticia, se resignen á seguir la misma suerte.

¡La unidad! Pero, señoras, ¿es que España, esa vuestra España que véis en peligro de perecer tan pronto se manumitan sus siervas, estuvo alguna vez unida, de hecho, á estos pueblos sometidos á su férula, sometidos á sus gobiernos oprobiosos y al arbitrio de sus políticos hebenes, inmorales, degenerados y de cultura fósil y retardatoria? ¿Es que, tanto en lo espiritual como en lo político, hubo alguna vez unión entre esta Galicia ultrajada, trabajadora y noble y esa Castilla verbenera, ociosa y taurólatra?

Vosotras invocáis nuestro sentido común para que vayamos de vuestro brazo en estos instantes históricos, contra dos nacionalidades hermanas á las que nos unen robustos vínculos

española. Ni aun ese recurso nos ha conmovido, porque al hablarnos de esa unidad nada se dice á nuestro espíritu ni a nuestro corazón, nada se dice al corazón y al espíritu de Galicia, cuyos sacrificios por España no recibieron del centralismo—como acaba de escribir Mariano de Cavia—más compensación que el oprobio y la injusticia. Para nosotros, de hecho esa unidad no existe: carecemos, pues, del órgano del unitarismo, tenemos atrofiada la cuerda sensible de ese españolismo sin valores ponderables, horro de contenidos ideológicos. ¿Cómo en este sentido señoras hemos de entenderlas?

Con la mano puesta sobre el corazón creemos que Cataluña y Vasconia no reclaman sino aquellos derechos que por ley natural y fuero de nacionalidad les corresponden. Galicia, nuestra Patria, está en el mismo caso que esas nacionalidades hermanas y pide á su vez iguales derechos que algún dia pueden ser exigidos si ahora no se les conceden. Y las demás nacionalidades ibéricas están en el mismo caso, y sus aspiraciones tendrán en nosotros modestas, pero decididas defensores.

Vuestra llamada á la mujer española no tiene otro fundamento, á lo que se vé, que la perpetuación de un retoricismo que ha sido harto funesto para España, que aceleró su decadencia y pretendió cohonestar su corrupción política y aun social, repercutiendo por ende interiormente en la vida de aquellos pueblos que, debiendo gobernarse á si mismos, porque tienen tantes históricos, contra dos nacionalidades hermanas á las que nos unen robustos vínculos de aspiraciones comunes. Gracias, señoras; pero en fuerza de gastarse pidiéndoos un poco de justicia y un poco de libertad, nos hemos quedado sin él, y hoy con sentido propio, que es el que quisiéramos tuviesen todas las mujeres españolas, nos incorporamos también á los ideales de Vasconia y Cataluña y pedimos el reconocimiento de nuestra personalidad y la soberanía autonómica.

De todas suertes gracias, señoras, por haberos acordado de que en el territorio Ibérico hay un trozo de tierra que se llama Galicia y allí unas mujeres que sienten y piensan. Mas ese recuerdo es tardio. Los pueblos cansados de pedir justicia, llegan á exigirla, en una exaltación de su dignidad y su derecho. Galicia no espera nada de Madrid, de sus gobiernos de pandillaje ni de sus política torpe y mezquina. Ha vivido largo tiempo en el olvido y aún en el desdén, en la más absurda de las postergaciones, y nosotras ante el inicuo abandono hemos vertido muchas lágrimas sin la solidaridad de un corazón amigo, mientras vosotras, señoras, os sentiais halagadas en las *soirées* cortesanas, acaso de brazo de quienes nos reducían a condición de esclavos, ó repartiais sonrisas desde los palcos en las taurinas fiestas nacionales.

Por la Sección Femenina de las "Irmandades da Fala" de Galicia



4

Syra Alonso

Rúa Real, 45
Onde foi a
Librería de Arte
de Francisco
Miguel

Syra e Francisco Miguel cos seus fillos Xoán Ramón, Francisco Alberto, e, no colo do seu pai, Sandro. Foto tirada en Cuba en 1933, cando volvían de México á Galiza

— O que máis glorifica a Galiza é o valor das súas mulleres. Que facer para que non continuasen aqueles crimes? Acordaron non separarse nin de día nin de noite das portas do cárcere. Antes a morte que deixar saír os homes! Dramática era a garda que formaban aquelas valorosas mulleres que, golpeadas polos gardas, resistían heroicamente. Os soldados sabían que se as metrallaban deixaríanse morrer antes de abandonaren o seu posto de sentinelas. Estas mulleres, que eran as nais, esposas, fillas e irmás dos prisioneiros, non viron saír os seus durante moitas noites, pois o seu heroísmo conmovía o corazón máis duro.

[...]

A Garda Civil asasinara a viúva do gobernador Pérez Carballo malia estar en vésperas de ser nai,
á mañanciña, nun monte de Rábade, preto de Lugo,
a Garda Civil tronzou dúas vidas. Ese mesmo día en distintos lugares de Galiza apareceran os cadáveres de Martha Crespo, Enriqueta Gómez, Maruxa Mazariegos, un grupo de mestras rurais e varias mulleres do pobo. Todas as noites a Garda Civil deixaba cadáveres nas praias de Santa Cristina, Bastiagueiro, punta Herminia e Bens. Nesta praia apareceu o cadáver do deputado socialista Rufilanchas e con el dez compañeiros pagaron coa súa vida por refuxialo nos seus fogares.

— Syra Alonso

Diarios, Tordoia, 1938 / Actopán, México, 1945

<<< As faccións de Syra en *Alfar*, Francisco Miguel, 1923.

Fala a muller do cadro

Hai moitas "syras" pintadas polo que fora a súa parella, o pintor Francisco Miguel, e aínda outro retrato executado por Daviz Alfaro Siqueiros na estadía mexicana da parella, entre 1926 e 1933. **Syra Alonso Brufau** (A Coruña 1899 - México 1970) é a muller do cadro, unha presenza plástica engaiolante e muda. Pero en 1938 Syra debe contar, botar fóra a dor e ofrecer testemuño do acontecido en 1936, a detención e asasinato brutal de Francisco Miguel polos fascistas. E aínda en 1945, xa en México, Syra volve escribir para continuar o relato coa viaxe ao exilio «porque non pode permitir que os seus fillos canten o *Cara ao sol* nin formen parte do exército fascista».

A vida en común da parella comezara arredor de 1920, cando Francisco Miguel rexía a Librería de Arte, no número 45 da rúa Real da Coruña, un lugar no que o artista tiña tamén o seu atelier. El tiña vinte e tres anos, ela, que procede da burguesía comercial da cidade –o seu pai rexe unha importante ferraxaría na praza de Lugo–, fai o seu primeiro acto de rebeldía ao mocear co artista, tiña vinte anos.

Os seus diarios foron publicados en 2000.

Syra polo seu marido, Francisco Miguel, ca. 1933 >>>

5

Rosalía de Castro
María Casares

Rúa Rego de Auga, 37
Teatro Rosalía Castro

Velaquí o espazo no que celebrar a dúas personalidades que souberon ensanchar o papel da muller na sociedade. En 1909, a cidade da Coruña decide dar o nome de **Rosalía Castro** ao que viña denominándose Teatro Principal. É tamén neste mesmo teatro que a Asociación de Actores e Actrices de Galicia decide entregar os Premios de Teatro **María Casares** desde a súa creación en 1997.

— Só cantos de independencia
e liberdade farfallaron os meus
beizos, aínda que arredor sentise,
desde o berce xa, o ruído das cadeas
que debían apresarme para sempre,
porque o patrimonio da muller
son os grillóns da escravitude.

Eu, pola contra, son libre, libre
coma os paxaros, coma as brisas;
coma os árabes no deserto
e o pirata no mar.

Libre é o meu corazón, libre a miña
alma, e libre o meu pensamento,
que se ergue até o ceo e descende
até a terra, soberbio coma o Luzbel
e doce coma unha esperanza...

— Rosalía de Castro

Fragmento de «Lieders»,
publicado *El Álbum de El Miño*
(1858)

<<< Rosalía de Castro por María Cardarely, ca. 1863.
[Fundación Rosalía de Castro]

Sellier

CORUÑA

A Rosa de cen follas

É quizais nun día de 1872 cando **Rosalía de Castro** (Santiago, 1837 - Padrón, 1885) bota a andar desde a súa casa da rúa do Príncipe, 3 - 2º da Coruña e nalgún lugar da Pescaría, entra na Fotografía de París. Luís Sellier indícalle a pose que cre máis amábel, ela debe manter o aceno uns segundos, e, mentres o fotógrafo descobre o obxectivo da cámara, a muller lembra aquela carta que lle escribira ao seu marido uns anos antes: «Si yo fuese hombre, saldría en este momento y me dirigiría a un monte, pues el día está soberbio; tengo, sin embargo que permanecer en mi gran salón, sea!» As mulleres tiñan que andar sempre acompañadas, tampouco asinaban co seu nome as súas obras, o pseudónimo masculino era común a moitas escritoras europeas. Pero Rosalía rebélase, é unha das primeiras. Non é desde logo o único que Ela cambia. Coa súa obra en galego, non só demostra a viabilidade da literatura na lingua do país, tamén coloca o centro do mundo na Galiza e crea o espazo da moderna cultura galega. Que a súa imaxe de muller agarimosa non nos faga esquecer que en só corenta e oito anos de vida legou ao mundo varias obras mestras.

<<< Rosalía de Castro por Luís Sellier, ca. 1872 [RAG].

<<<

María Casares durante o ensaio de *L'etat de siege*, en París en 1948. Abaixo, anicados, Balthus, primeiro pola esquerda, e Albert Camus, terceiro, o gran amor de María, premio Nobel de Literatura en 1957.

Studio
Harcourt
PARIS

— Eu nacín neste currunchо da terra que vira as costas ao continente e pola contra, recibe os peregrinos de Santiago de Compostela, na Coruña, vila peninsular anicada nuha baía, sobre a punta do nariz que a península ibérica sinala no Atlántico. Unha nena máis nesta tribo bulideira...

— María Casares

Residente privilexiada,
memorias da actriz
publicadas en francés en 1980,
editadas en galego en 2009.

<<< María Casares nun retrato do Studio Harcourt.

A gran dona galega do teatro francés

Filla do político Santiago Casares Quiroga, **María Casares** (A Coruña 1922 - París 1996) criouse entre a rúa das Panadeiras da Coruña e o Pazo de Montrove. Co golpe de Estado franquista, contando con só catorce anos, ten que exiliarse coa familia en Francia. Alí inicia a súa traxectoria no teatro e aparece o éxito. No ano 1942 debuta no Teatro Mathurins como primeira actriz.
É nese momento cando coñece a Albert Camus co que mantería unha longa relación. Musa de destacados escritores e cineastas representará obras de Camus, Anouilh, Cocteau, Genet, Shakespeare… Viaxará por máis de vinte países co Théâtre Nacional Populaire. Nunha desta viaxes reencóntrase no exilio bonaerense con xente como Blanco Amor, Dieste, Seoane, Laxeiro e o actor Tacholas, e con eles actuará nun recital galego.
A María Casares o acento galego acompañaríaa sempre, un acento que ela consideraba un tesouro, e deixaría dito: *Galicia soy yo. Galicia no soy yo. Pero soy un trozo de Galicia. Y moriré siendo gallega*.
Pouco antes de morrer aos 66 anos María Casares acepta dar o seu nome para os Premios de Teatro da Asociación de Actores e Actrices de Galiza.

María Casares nos anos sesenta do século XX >>>

Teresa Chao Maciñeira

Ramón Villar Ponte

6

Micaela Chao Maciñeira

Rúa Rego de Auga, 38
Casa na que se fundaron as Irmandades da Fala

As tres irmás Chao Maciñeira coa súa familia. Micaela estivo casada con Antón Villar Ponte, Teresa co seu irmán Ramón.

A fundadora das Irmandades da Fala

Foi a única muller presente na xuntanza fundacional das Irmandades da Fala e a primeira muller que fixo efectiva a súa afiliación. **Micaela Chao Maciñeira** (Ortigueira, 1892 - A Coruña, 1928) formaría parte en 1917 da delegación das Irmandades a Cataluña e sería a principal impulsora da constitución dunha Sección Feminina no seo da Irmandade da Fala da Coruña. Esta Sección constituiríase en agosto de 1918 e contaría con máis de duascentas asociadas, sendo Micaela Chao inicialmente a súa Conselleira Primeira. Foi colaboradora das actividades do Conservatorio Nazonal do Arte Galego como actriz e tocaba o piano nos entreactos das sesións teatrais. Foi a compañeira de Antón Vilar Ponte. A parella coñecérase na Habana, en 1908, onde Micaela vivía cos seus pais. Alá iniciárase no teatro galego, no cadro de declamación «Rosalía Castro», partipando como actriz nalgunha obra de Lugrís Freire. En 1928, tras o pasamento prematuro de Micaela, aos 36 anos, Antón confesaba por carta ao amigo Cebreiro: *a miña muller, ti ben o sabes, nunca foi plomo de cordura burguesa, sempre foi ás para min.*

<<< Micaela Chao con dezasete anos, fotografía de *Alma Gallega*, nº 1, A Habana, 1910 [Real Academia Galega]

La G

Fundador: D. Juan FERNÁNDEZ

LA REUNION DE AYER

OS AMIGOS DA FALA

Ayer ha sido constituída en el local social de la Academia Gallega la "Hermandá de Amigos d'a Fala".

Al acto, que resultó de una sencilla sobriedad, realmente admirable, concurrió un grupo de entusiastas de las cosas de nuestra región. Todos los asistentes se expresaron con el mayor entusiasmo, proponiéndose contribuir de mdo formal y solemne a la propaganda y al cultivo del idioma nativo

Entre los reunidos hallábanse los Sres Lugris, Oviedo Arce, Barreiro (D. Alejandro), Baldomir, Vaamonde (D. Florencio), Tetamancy, Carré (D. Eugenio), Martínez Morás, Villar Ponte (D. Ramón y D. Antonio), Iglesias Roura, Fernández Mouriño, Moscoso, Carballal, Merino, Cortés, Faginas, Carré, Barreiro (D. Augusto), Sánchez Porto, Rodríguez (D. Francisco), Vaamonde (D. César), Lamas (D. José), Román (D. Luis), Chao Maciñeira y Cao. Recibiéronse además muchas y valiosas adhesiones de toda Galicia, de catedráticos, escritores, abogados, poetas, maestros de escuela, médicos, notarios, etc. Aparte otras de colectividades artísticas.

El Sr. Lugris abrió el acto con una improvisación gallega elocuentísima que mereció los aplausos de todos.

notarios, etc. Aparte otras de colectividades artísticas.

El Sr. Lugris abrió el acto con una improvisación gallega elocuentísima que mereció los aplausos de todos.

Luego dióse lectura a los Estatutos porque habrá de regirse la "Hermandá de Amigos d'a Fala", que fueron discutidos y aprobados cos gran estusiasmo, después de darles la forma definitiva. Dichos Estatutos, verdaderamente sencillos, constituyen el germen de futuras grandes obras. Puede asegurarse que ayer quedó colocado el cimiento de la anhelada afirmación regional.

Finalmente se procedió a la elección del Consejo directivo anual que ha quedado constituido en la forma que sigue:

Conselleiro 1.°, Sr. Villar Ponte; *Conselleiro* 2.°, Sr. Valcárcel (D. Antonio); *secretario*, D. José Lamas; *tesoureiro*, Sr. Iglesias Roura, y *vocales*, Sres. Faginas y Fernández Mouriño.

Cambiáronse impresiones sobre los primeros trabajos que se impone realizar; sobre el medio de federar cuantos grupos se organicen en Galicia—algunos ya están iniciándose — y sobre la publicación de un manifiesto, entre otras varias cosas muy oportunas y de verdadero interés. También se acordó rogar a todos los periódicos gallegos que en sus columnas publiquen de vez en cuando, con la mayor frecuencia posible, trabajos en nuestro idioma, en vêrso y prosa. Por su parte, los asociados, deberán usar entre ellos el gallego, lo mismo que en todas las cartas que dirijan a sus amistades. Cada seis meses los "Amigos d'a Fala" celebrarán concursos privados de toda clase de trabajos en la lengua nativa, en los cuales se premiará con el título de "Mestre", a aquel que mayores méritos reúna. Harán se además excursiones al campo, de íntima fraternidad.

7

Mulleres artistas

Rúa Rego de Auga, 32
Sede da Asociación de Artistas

Carmen A. de Sotomayor

Inauguración da primeira exposición de mulleres artistas na Galiza, o 18 de abril de 1934, na Asociación de Artistas de Rego de Auga, 32. Na mostra participaron ademais Elvira Santiso e Elena Olmos (Foto: Cancelo - La Voz de Galicia)

Pintura en liberdade

Máis de setenta obras quedaron penduradas aquel mércores, 18 de abril de 1934, no local da Asociación de Artistas da Coruña. Era a exposición inaugural daquela sociedade, pero hoxe sabemos que foi moito máis: as seis mulleres que alí se xuntaron marcaron un fito. Porque falando de artistas, a gran diferenza entre uns e outras é a liberdade. Non eran as primeiras en mostrar a súa obra, pero o feito de facelo de maneira conxunta indicaba a vontade de reclamar o estatus de pintoras, cousa que cando menos acadaron catro: **María Corredoyra** (A Coruña, 1893 - 1970), **Lolita Díaz Baliño** (A Coruña, 1905 - 1963), **Elvira Santiso** (Betanzos, 1877 - Santiago, 1961) e **Elena Olmos** (A Coruña, 1899 - Buenos Aires, 1983). Permanecer solteiras e dedicarse ao ensino da arte, no caso das tres primeiras, e a pertenza á clase media de todas, permitiulles desenvolver unhas vidas profesionais, acadar o respecto dos seus colegas varóns e vencer os prexuízos e o paternalismo da crítica.

<<< María Corredoyra, *Autorretrato* [R.A.G. de Belas Artes]

Homenaxe das súas alumnas a Lolita Díaz Baliño na súa academia de pintura da Porta dos Ares. Alí se formaron, entre outras, as artistas María Antonia Dans e María Elena Gago.

— ¿Vostede cre que na pintura unha muller pode facer todo o o que faga un home?
— Absolutamente todo. E conste que vostede di «pode facer» e non di fai. Porque aínda que poida, eu creo que non o fai.
— Supoña que non a entendo.
— É claro coma a luz do sol. Eu creo que calquera pintora boa pode chegar onde chegue calquera pintor bo, pero tamén creo que normalmente non chega (...) Non porque non queira, senón porque o sexo inflúe no desenvolvemento da vida do artista.
— ¿Atribúe a isto o que nunca houbera unha pintora como Rafael, Velázquez ou Renoir?
— Exactamente. Quizais as haxa dentro doutros vinte séculos, debido á transformación do ambiente no mundo, xa moito máis favorábel á actividade feminina (...)
— Gustaríalle ter nacido home?
— Non se trata diso, pero o sexo inflúe. Cando tiña 18 anos e quedei orfa, a Deputación concedeume unha bolsa para estudar en Madrid, en [Academia de Belas Artes de] San Fernado. Meu irmán non quixo aceptar a responsabilidade de deixarme ir soa a Madrid. E eu quedeime sen ir a San Fernando.

— Lolita Díaz Baliño
Dunha entrevista de Luís Caparrós, publicada en *La Voz de Galicia*, 1951

Lolita Díaz Baliño, cortesía de Camilo Díaz Arias de Castro >>>

8

Emilia Pardo Bazán

Rúa Rego de Auga, 25-27
Casa natal de Emilia Pardo Bazán

Emilia Pardo Bazán leu o discurso inaugural da Exposición de Arte Galega de 1917, celebrada no Concello da Coruña, coa presenza de moitos dos participantes.

— Non arde nos seus ollos a faísca do lume [...]; o seu pé non é livián, nin crebado o seu van: mais o sol non logra queimar a súa cute, e as súas fazulas teñen o san carmín da pavía madura e da guinda de cedo. [...] Elas cavan, elas sementan, regan e desfollan, mazan o liño, tórceno, fíano e téceno no xemente tear; elas cargan ao lombo o saco acugulado de centeo ou millo e lévano ao muíño. [...] A galega traballa, segundo a frase do país, *coma unha loba*.

— Emilia Pardo Bazán

«La Gallega», *Las mujeres españolas, portuguesas y americanas,* 1873

<<< Pardo Bazán no Ateneo de Madrid por J. Vaamonde, 1897 [Real Academia Galega]

A señora de Marineda

Pasou pola vida como un trebón. O seu forte carácter converteuna nun maremagnum literario que achegou ar fresco á novela española contemporánea, alimentada en gran parte co seu mundo galego, pero desbotando a lingua do país, por ser propia de «silvanos y ninfas agrarias». **Emilia Pardo Bazán** (A Coruña, 1851 - Madrid, 1921) foi a contradición incesante: «Subversiva, conservadora e amante da orde, disconforme e garda da ortodoxia, iconoclasta e icono mitificado do réxime da Restauración que tanto criticou», como a define Isabel Burdiel, a súa biógrafa. Foi carlista na mocidade e feminista na madurez, foi reaccionaria e moderna. Non cría no parlamentarismo nin na democracia, pero volcouse no feminismo como a súa opción política, denunciando o maltrato, mesmo usando a palabra feminicidio. Valedora do traballo da muller para acadar a súa emancipación, ela mesma decidiu a súa profesionalización e, para documentar *La Tribuna,* 1882, non dubidou en acudir mañá e tarde, durante dous meses, á Fábrica de Tabacos da Coruña: «Onde hai catro mil mulleres, hai catro mil novelas, de seguro: o caso é buscalas».

<<< Pardo Bazán por Gamonal, publicado en *La Esfera* en 1921

9

Amparo López Jeán

Praza de María Pita, 17
Sede das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista

Visita a Santiago da *Agrupación Republicana Femenina* da Coruña, reunida no concello compostelán. Á esquerda os alcaldes da Coruña, Suárez Ferrín, e de Santiago, Ánxel Casal. (Arquivo Elvira Varela Bao)

— Miña nai nena, miña nai moza, era unha rapaza de forte personalidade. Boa estudante, foi a primeira muller bacharel da Coruña. Compartía a aulas no Instituto da Guarda cunha chea de mozos e só unha compañeira. Intelixente e decidida, nunha oportunidade respondeu a un castigo e encerrona desmedidos saíndo por unha fiestra e delcolgándose por un cano, até a liberdade. A miña avoa estes xestos de rebeldía e independencia da miña nai halagábana no fondo. Notábase na sua mirada pícara, cando llo relataba aos seus netos.

— Ana María Alvajar L. Jeán
Memorias

— Mamá pertencía aos Irmandiños. Antes de presidir a Agrupación Republicana Feminina, xa se sentía galeguista de corazón. Era moi amiga de Castelao, e eu orgúllome de telo coñecido. Cando se atopaban polas rúas coruñesas, bicábanse nas meixelas e fundíase nunha aperta, unha forma de saudar que chocaba naqueles tempos. Falaban un anaco e dicían a dúo: "Saúde, irmán". Castelao sempre tiña para min unha palabra agarimosa. Anos máis tarde, atopámolo na Porta do Sol de Madrid e, posteriormente, en Valencia e Barcelona.

— Teresa Alvajar
Memorias dunha republicana

<<< Ademais de Maxisterio, Amparo estudou música con Baldomir e debuxo con Máximo Ramos.

Meus amores

«Dous amores a vida / gardarme fan / a Patria e o que adoro / no meu fogar» Naquela velada Amparo cantou *Meus amores* para os enfermos e os médicos do Sanatorio de Oza. Tiña vinte e sete anos e aquela peza, composta polo seu profesor de música, Baldomir, expresaba tamén o seu sentimento.

Amparo López Jeán (Culleredo, 1885 - Montauban, 1942) foi mestra de profesión, pero coa chegada da II República, en 1931, dedicou a súa actividade á Agrupación Republicana Feminina, da que foi presidenta (1933-1936). Casada co político republicano César Alvajar, Amparo mostra a súa independencia de pensamento ao ingresar en 1935 no Partido Galeguista, formando parte da executiva coruñesa en calidade de vogal. Durante a guerra vive co seu home en Barcelona, onde ela desenvolve unha importante actividade política no Partido Galeguista como membro do seu Comité executivo e Secretaria Xeral do Grupo Feminino Galeguista. Exilida en Francia, a familia residirá en Calvados, Vichy e logo en Montauban, onde morre López Jeán. En 2006 os seus restos foron traídos para o cemiterio civil da Coruña.

<<< Amparo era filla do secretario do concello de Culleredo, e da mestra de Vilaboa, que logo foi tamén da Coruña.

Agradecementos:

Xosé Alfeirán
Xosé Bocixa
Isabel Bugallal
Xulio Cuba
Camilo Díaz Arias de Castro
Xosé Emilio Insua
Manuela Mariño
Ana Romero Masiá
Carlos Pereira
Fernando Pereira
Begoña Varela
Elvira Varela Bao
Carme Vidal

Real Academia Galega
Real Academia Galega de Belas Artes
Arquivo Municipal da Coruña
Fundación Otero Pedrayo
Museo de Pontevedra
La Voz de Galicia

CORUÑA
>PRÓXIMA

Deputación
DA CORUÑA